



O arquitecto traballa no noso beneficio.

## @s architect@s

### 85. Que son?

Para construír un edificio e para realizar cambios importantes nos existentes, necesítase a participación dun arquitecto. A formación do arquitecto impártese nas escolas técnicas superiores de arquitectura, onde adquire, entre outros, os coñecementos sobre materiais, estruturas, instalacións e deseño de edificios necesarios para poder realizar despois proxectos de arquitectura.

### 86. Como nos poden axudar?

Cando queremos realizar obras no noso edificio ou na nosa vivenda, hai moitos aspectos que debemos ter en conta, ademais das nosas propias necesidades e gustos persoais. Os arquitectos coñecen as normativas municipais e técnicas que deben cumprir as obras, e pódennos asesorar sobre a mellor forma de distribuír a vivenda e o correcto uso dos materiais que queremos empregar. Tamén sobre o prezo de cada cousa.

### 87. De que son responsables?

Se lles confiamos o deseño e a construción ou a rehabilitación da nosa casa, a lei fai o arquitecto responsable do cumprimento das normas urbanísticas, da calidade da execución das obras e da seguridade e estabilidade dos edificios que diseña. Polo seu traballo e por asumir estas responsabilidades, ao arquitecto pagámoslle uns honorarios.